

CONCELLO DE CARBALLEDO OU LIMÍTROFES

POBOADO DE OS PEARES (CARBALLEDO - LUGO)

DATOS XERAIS: dispón de edificios con dormitorio e baños, aulas, salas de xogo, comedor e cociña, enfermería e pavillón cuberto.

ACCESOS: por estrada na N-120 coller o desvío cara Os Peares, cruzar o Río Sil e seguir ata o embalse de Os Peares.

ENDEREZO: Poboado de Fenosa s/n baixo Carballedo – Lugo. Teléfono: 988 200 400

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
25-29 de xullo	15-16-17	<p align="center">Mini Adventure Camp</p> <p>Aprender inglés dun xeito divertido e proporcionar aos acampados un pleno contacto coa natureza e o entorno artístico e cultural da zona. Potenciación da participación, compañeirismo e solidariedade a través da práctica de actividades deportivas, acuáticas, socioculturais e de tempo libre, todo baixo o fío condutor da práctica do idioma inglés</p> <p>Actividades: caiac e sup, tiro con arco, vivac e gps, actividades no río, talent show, obradoiros de cine e radio, xogos e xogos tradicionais, xogos de confianza, rastrexo fotográfico, xogos acuáticos,</p> <p>NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.</p>
01-08 de agosto	15-16-17	<p align="center">ADVENTURE CAMP</p> <p>Aprender inglés dun xeito divertido e proporcionar aos acampados un pleno contacto coa natureza e o entorno artístico e cultural da zona. Potenciación da participación, compañeirismo e solidariedade a través da práctica de actividades deportivas, acuáticas, socioculturais e de tempo libre, todo baixo o fío condutor da práctica do idioma inglés</p> <p>Actividades: caiac e sup, tiro con arco, vivac e gps, actividades no río, talent show, obradoiros de cine e radio, xogos e xogos tradicionais, xogos de confianza, rastrexo fotográfico, xogos acuáticos,</p> <p>NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.</p>
11-18 de agosto	11-12-13	
21-28 de agosto	11-12-13	

NORMAS XERAIS:

- 1.** As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
- 2.** Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (algunha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras que figuren na solicitude, ou persoa debidamente autorizada por quen figure nela como representante)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
- 3. Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
- 4. Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
- 5.** O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
- 6.** Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
- 7.** Non está permitido levar comida ao campamento, salvo en casos de necesidade por motivos de saúde debidamente xustificados e comunicados previamente.
- 8.** Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
- 9.** Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)" están dispoñibles os modelos de documentos: declaración sobre a autorización de imaxes (anexo IV), modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese. En canto ao cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (anexo III), este formulario soamente pode ser cuberto en liña (sede electrónica, carpeta cidadá) accedendo ao seu expediente e elixindo a acción "Documentación complementaria para a adxudicación".



INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** no Poboado de Os Peares (Carballedo-Lugo)

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono: 694259226 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12:00 e as 14.00** na mesma instalación.

DOCUMENTACIÓN E MATERIAL NECESARIO

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Cantimplora
- Tarxeta sanitaria orixinal

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sandalias pechadas con velcro
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas
- Camiseta de lycra
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar, chubasqueiro...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h. Almorzo
09.30 h. Actíva-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h. Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h. Remate das actividades de mañá, recollida e desinfección do material e aseo
14.10 h. Xantar
15.00 h. Aseo
15.10 h. Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h. Remate das actividades de tarde, recollida e desinfección do material
20.10 h. Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h. Cea
21.30 h. Tempo libre xestionado
22.00 h. Escoita activa
22.20 h. Velada
23.30 h. Deitarse